



ABRO UNHA PORTA DE PAPEL

Abro unha porta de papel e vexo un castelo de area, feito por un neno pequeno. Con un cubo e sen pa, con mans e sufrindo. Eu sei que seguirá adiante e irá a escola como todos os nenos e o educarán e tratarán fenomenal. Abro unha porta de papel e vexo un castelo de area, feito por un neno pequeno. Con un cubo e sen pa, con mans e sufrindo. Pero eu sei que será un bó rapaz, e terá unha familia fenomenal. Abro unha porta de papel...



JACOBO OSORIO RIOS 4°C



Historia dunha landra e unha pola



MARCOS VARELA 6°C

Fai moito tempo, nun Outono moi, moi, frío nun pobo do interior de Galicia, vivía un campesiño pobre, que tiña unha casa no monte, cun carballo moi vello, pero no que só había unha landra e unha pola e isto se debe a unha enfermidade chamada "monoclinus fermitudarius". O caso é que un día pola noite, o campesiño, estaba sentado diante da cheminea, pero se lle acabou a leña e tivo que talar a árbore na que as dúas amigas descansaban.

Entón comezou a tala. No momento en que o carballo comezaba caer, a landra e a pola saíron correndo monte arriba. Alí refuxiáronse nunha cova cercana. Elas non se deran conta de que nesa cova vivía unha familia de osos, os pais saíran buscar comida e o fillo quedara. O oseño atounas e... como tiña fame, colleunas do chan para comelas.

Por sorte as nosas amigas salváronse grazas a que os pais chegaron e ao verlle achegar a man á boca inmediatamente mandaronllo tirar moi lonxe. Tan lonxe as lanzou que chegaron ao pobo, onde ao día seguinte se celebraría o magosto. Tan lonxe chegaron que foron dar ao patio do colexio e quedaron inconscientes pola caída.

Pola mañá o conserxe estaba asando as castañas e os nenos e nenas xa estaban preparados para tomalas, en cambio as castañas estaban moi nerviosas. Cando a landra e a pola volveron en si pensaron en que facer, pero... o conserxe sen darse conta as colleu, e as colocou na grella. Como tiñan moita calor comezaron a saltar, ata que caeron ao chan e saíron correndo para poñerse a salvo. Entón comezaron maquinarse que facer para salvar as outras. A idea foi que podían, co lume, cortar as cordas que ataban o saco. Ao pouco puxéronse mans á obra, e co lume lograron queimar as cordas e salvar as castañas.

Ese ano os nenos quedaron sen magosto, porque a landra, a pola, e as castañas foron polo mundo na busca de aventuras, e espero que a min, o narrador me escriban, ou que me envíen unha postal.

A castaña triste



KATIA BLANCH 5ª

Castaña Pilonga era unha castaña que ía tódolos días a coidar a unha tía que tiña o pel picado porque case que o pillan para un magosto. Un día Pilonga, a que todos lle chamaban Pilar, pensou: "tódalas castañas son guapas menos eu. Eu son fraca, pequena, de cor clara e fea". Un día súa curmán dixo:

- "Pilar, ti parece que necesitas un descanso, ti vaite, eu coido da túa tía, miña nai".

Entón Pilar preguntoulle:

- "Curmán, eu son fea?".

E súa curmán contestoulle:

- "Non oh! Só penso que deberías comer un pouco máis. Ti non es nada fea".

Daquela fóronse as dúas para a cama.

Ao día seguinte Pilar díxolle á súa familia:

- "Voume de casa, adeus". E con iso, marchou. Mentres ía polo camiño pensou: "Irei a un sitio onde poida ser máis guapa, e se non irei a un magosto para non avergoñarme máis". Chegou a noite, e Pilar, fría e cansa deitou-se nunha rocha. Pola mañá, ao despertar, viu onde estaba: nun pobo pequeno. Entón unha nena viu-na, colleuna e levouna á casa.

- "Mamá, mira esta castaña". Súa nai dixo:

- "Nena, esta castaña é moi pequena, non podemos comela. Teremos que tirala". Pilar tremeu de medo. Non quería ir ao lixo, onde viviría en pena e suciedade para sempre.

Entón a nena dixo:

- "Mamá, colle a pala, porfa, ven".

A nena correu con Pilar a un parque e parou nunha morea de terra. Colleu a pala, fixo un buraco e enterrou a castaña. De súpeto, convertiuse nun castiñeiro que medraba moi alto.

Por fin era fermosa.

CAL É?

6°C

- O día máis fermoso? Hoxe.
- O obstáculo máis frande? Varios suspensos.
- O erro maior? Non saber vivir a vida.
- A raíz de todos os males? Ser egoísta.
- Os mellores profesores? Os pais.
- A primeira necesidade? Ter valor.
- O que fai máis feliz? Unha palabra.
- O peor defecto? Mentir.
- A persoa máis perigosa? A mentreira.
- O agasallo máis belo? A felicidade.
- O camiño máis rápido? A tolerancia.
- A sensación máis grata? A paz.
- A maior satisfacción? Sentirse ben.
- A cousa máis fermosa de todas? O amor